

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 1/2018**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

## 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo I da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

## 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Ter cumpridos os 16 anos .
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique no anexo I da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo II desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitios no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

### 4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

A documentación aportada coas solicitudes pódese recuperar no Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D (Oficina de Investigación e Tecnoloxía, Edificio Cactus, Campus Vida), durante os 3 meses seguintes a data de publicación da Resolución de Selección. Pasado ese prazo procederase a súa destrución.

### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201  
Correo electrónico: [citinfo@usc.es](mailto:citinfo@usc.es)  
<http://maisd.usc.es>

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

## 6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente:

Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario:

Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D  
Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura no anexo I destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren no anexo I destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

## **7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, no anexo I desta convocatoria.

## **8.-NATUREZA DOS CONTRATOS**

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

## **9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS**

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

## **10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN**

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, no anexo I desta convocatoria.

## **11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES**

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a

partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018


Por delegación do Reitor

(Resolución do 22/09/2015, DOG 05/10/2015)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



## ANEXO I

### REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG034

| -PGDATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|---|---|
| Denominación  | Consolidación e estruturación 2017 GPC GI-1698 Patoloxía Molecular (PatMol)   |
| Centro de Traballo  | Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) |
| Investigador principal  | Araújo Vilar, David   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |  |
|--------------------------------|--|
| Número de prazas               | 1  |
| Traballo a realizar            | Bioloxía dos prións: realización de técnicas analíticas, expresión de proteínas, mantemento de reactivos |
| Retribución bruta mensual      | 1500 €   |
| Duración do contrato*          | 9 meses e 16 días  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección                                      |
| Xornada laboral                | Tempo completo   |
| Categoría laboral              | Axudante de apoio á investigación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>  |  |
| Ciclo Superior de Formación Profesional ou titulacións anteriores equivalentes   |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>   |  |
| Experiencia en bioquímica dos prións, 60 puntos.<br>Experiencia en expresión de proteínas, 25 puntos.<br>Experiencia en bioquímica de proteínas, 15 puntos |  |

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



## REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG106

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| Denominación   | Grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento - 2017 |
| Centro de Traballo   | Facultade de Ciencias da Educación  |
| Investigador principal   | Vargas Callejas, Germán   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |  |
|--------------------------------|--|
| Número de prazas               | 1  |
| Traballo a realizar            | Tratamento de datos cualitativos co Atlas ti, apoio a xestión administrativa do proxecto, deseño de propostas formativas no eido da cultura da sustentabilidade e a cidadanía global, contacto e relacións cos centros educativos de secundaria. |
| Retribución bruta mensual      | 800 €  |
| Duración do contrato*          | 6 meses  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección  |
| Xornada laboral                | Tempo parcial  |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>  |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>   |  |
| Tratamento de datos cualitativos co Atlas ti, 30 puntos.<br>Máster en Desenvolvemento Comunitario / Educación Ambiental, 30 puntos.<br>Entrevista persoal aos 5 candidatos con maior puntutación, 40 puntos. |  |

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

## REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN113

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| Denominación   | AMPK hipotalámica y balance energético. - RETOS 2015                          |
| Centro de Traballo   | Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) |
| Investigador principal   | López Pérez, Miguel Antonio   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Generación de modelos obesidad, Generación de exosomas, Fenotipado metabólico, Análisis de muestras obtenidas |
| Retribución bruta mensual      | 2200 €  |
| Duración do contrato*          | 6 meses   |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección   |
| Xornada laboral                | Tempo completo  |
| Categoría laboral              | Investigador/a asociado/a   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Doutor/a  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| <p>Título de Doctor/-a en Bioloxía (especialidade en Bioloxía molecular ou celular), 10 puntos.<br/>           Experiencia en generación y validación de exosomas dirigidos a kinasas expresadas en el sistema nervioso central, 50 puntos.<br/>           Experiencia en fenotipado metabólico y obesidad, especialmente en termogénesis, 20 puntos.<br/>           Experiencia en el campo de AMPK hipotalámica, 20 puntos.</p> |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato



## REFERENCIA DA PRAZA: 2016-CE078

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| Denominación   | Proxecto: Asesor Virtual Intelixente para a Prevención e o Benestar Cardiovascular (PREBENCAR) Subproxecto: PT4 Minería de Datos. Conecta Peme 2016 |
| Centro de Traballo   | Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)  |
| Investigador principal   | Bugarín Diz, Alberto José   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Aplicación informática para a xeración automática de informes en linguaxe natural para o proxecto |
| Retribución bruta mensual      | 1197 €  |
| Duración do contrato*          | 2 meses e 20 días   |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección                               |
| Xornada laboral                | Tempo parcial   |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes   |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| Formación regrada de grao en enxeñería informática, 25 puntos                           |  |
| Formación regrada de posgrao en investigación en intelixencia artificial, 25 puntos.    |  |
| Experiencia en desenvolvemento de aplicacións, 20 puntos.                               |  |
| Entrevista personal (só no caso de superar 50 puntos nos méritos anteriores), 30 puntos |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



galicia

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201  
Correo electrónico: [citiinfo@usc.es](mailto:citiinfo@usc.es)  
<http://fimaids.usc.es>

## REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG014

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |  |
|--|--|
| Denominación   | CITIUS - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2016<br><b>Cofinanciado nun 80% polo FEDER no marcos das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratexicas consolidadas.</b> |
| Centro de Traballo   | Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)   |
| Investigador principal   | Félix Lamas, Paulo   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Desenvolvemento de accións de comunicación e divulgación científica para a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC |
| Retribución bruta mensual      | 1491.9 €  |
| Duración do contrato*          | 12 meses  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección   |
| Xornada laboral                | Tempo completo  |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes   |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| Curriculum vitae: valorarase formación de posgrao, publicacións, etc., 15 puntos.<br>Experiencia acreditada no eido da comunicación e divulgación científica, 30 puntos.<br>Inglés falado e escrito, 10 puntos.<br>Referencias (incluir no CV datos de contacto que poidan proporcionar referencias), 5 puntos.<br>Proba práctica de redacción en castelán ou galego e en inglés (limitada a candidatos que obteñan unha puntuación mínima de 40 puntos nos apartados anteriores), 15 puntos.<br>Entrevista persoal (limitada a candidatos que obteñan unha puntuación mínima de 50 puntos nos cinco primeiros apartados), 25 puntos. |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

## REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG101

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| Denominación   | Consolidación e estruturación. REDES 2016 GI-1563 TMATI (Rede Tecnolóxica de Matemática Industrial) |
| Centro de Traballo   | Facultade de Matemáticas  |
| Investigador principal   | Bermúdez de Castro López-Varela, Alfredo  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Valorización de software que se xere a partir dos novos procedementos estatísticos ou de optimización: modelos de predición en medio ambiente e de optimización ligados a xestión recursos na estición de incendios forestais |
| Retribución bruta mensual      | 1491.9 €  |
| Duración do contrato*          | 6 meses   |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección   |
| Xornada laboral                | Tempo completo  |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes   |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| Expediente académico, 20 puntos.<br>Coñecementos e experiencia en linguaxe de programación, 60 puntos.<br>Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos, 20 puntos |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

## REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG076.01

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| <b>Denominación</b>  | Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1786 Comunicación audiovisual: contidos, formatos e tecnoloxía. (GEA) |
| <b>Centro de Traballo</b>  | Facultade de Ciencias da Comunicación   |
| <b>Investigador principal</b>  | Ledo Andión, Margarita María  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS   |  |
|----------------------------------|--|
| <b>Número de prazas</b>          | 1  |
| <b>Traballo a realizar</b>       | registro audiovisualde entrevistas, guionización e montaxe de vídeos, catalogación de materiais,apoio ás actividades de difusión de resultados: asistencia en congresos,simposios e cursos de formación organizados polo grupo de investigación GI-1786 ,elaboración de actas de reunión e informes e asistencia na elaboración de memorias científico- técnicas |
| <b>Retribución bruta mensual</b> | 700 €  |
| <b>Duración do contrato*</b>     | 6 meses  |
| <b>Data de inicio prevista**</b> | <b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>   |
| <b>Xornada laboral</b>           | Tempo parcial  |
| <b>Categoría laboral</b>         | Investigador/a en formación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes<br><b>Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC</b>  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| <p>Título Licenciado/a - Grao en Comunicación Audiovisual / Xornalismo, 20 puntos<br/>Expediente académico, 15 puntos.<br/>Coñecementos ou experiencia acreditada en produción, guión, realización, e edición de vídeo, 15 puntos.<br/>Coñecemento acreditado de idiomas: galego (CELGA 4), inglés (C1), 15 puntos.<br/>Outros méritos: outras titulacións, cursos especializados en tratamento de vídeo e audio e en novas tecnoloxías, publicacións vencelladas á área de coñecemento e liñas de investigación do grupo, premios en investigación, 20 puntos.<br/>Entrevista persoal ás tres persoas mellor puntuadas, 15 puntos.</p> |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

## REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG076.00

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| <b>Denominación</b>  | Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1786 Comunicación audiovisual: contidos, formatos e tecnoloxía. (GEA) |
| <b>Centro de Traballo</b>  | Facultade de Ciencias da Comunicación   |
| <b>Investigador principal</b>  | Ledo Andión, Margarita María  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS   |  |
|----------------------------------|--|
| <b>Número de prazas</b>          | 1  |
| <b>Traballo a realizar</b>       | Seguimento e monitorización da estratexia de consolidación, detección de oportunidades de financiamento e novos proxectos, desenvolvemento e aplicación do plan de comunicación do Grupo GI-1786 |
| <b>Retribución bruta mensual</b> | 995 €  |
| <b>Duración do contrato*</b>     | 6 meses  |
| <b>Data de inicio prevista**</b> | <b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>   |
| <b>Xornada laboral</b>           | Tempo parcial  |
| <b>Categoría laboral</b>         | Técnico/a superior de apoio á investigación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>  |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>   |  |
| <p>Título Licenciado/a - Grao en Comunicación Audiovisual / Xornalismo, 20 puntos<br/>           Experiencia laboral en proxectos competitivos de I+D nas áreas de coñecemento de Xornalismo e Comunicación Audiovisual, 30 puntos.<br/>           Formación en xestión de proxectos e protección de datos, 10 puntos.<br/>           Idiomas: galego (CELGA 4) e inglés (C1), 15 puntos.<br/>           Outros méritos: outras titulacións, cursos de formación especializada en investigación na comunicación e en tratamento de datos, congresos e publicacións vencellados á área de coñecemento e liñas de investigación do Grupo, 10 puntos.<br/>           Entrevista persoal ás tres persoas con mellores puntuacións nos epígrafes anteriores, 15 puntos.</p> |  |

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

**REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI024**

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| <b>Denominación</b>  | CVMar+i. Inovação industrial através de colaborações específicas entre empresas e centros de investigación no contexto de valorização biotecnológica marinha<br><i>Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa <b>Interreg V-A POCTEP</b> a través del <b>Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)</b> de la Unión Europea</i> |
| <b>Centro de Trabajo</b>   | Facultade de Farmacia   |
| <b>Investigador principal</b>  | Landín Pérez, Mariana   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS   |   |
|----------------------------------|---|
| <b>Número de prazas</b>          | 1   |
| <b>Traballo a realizar</b>       | Deseño, desenvolvemento e avaliación de sistemas farmacéuticos para administración de ácidos grasos |
| <b>Retribución bruta mensual</b> | 1800 €  |
| <b>Duración do contrato*</b>     | 18 meses  |
| <b>Data de inicio prevista**</b> | <b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>                          |
| <b>Xornada laboral</b>           | Tempo completo  |
| <b>Categoría laboral</b>         | Investigador/a asociado/a   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Doutor/a  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| Doctor en el area de ciencias de la Salud, 20 puntos.<br>Publicaciones científicas en el área de Tecnología Farmacéutica, 30 puntos.<br>Comunicaciones a congresos en el área de Tecnología Farmacéutica, 10 puntos.<br>Participación en Proyectos de I+D financiados en Convocatorias públicas, 5 puntos.<br>Patentes, 5 puntos.<br>Participación en contratos de I+D con Empresas y/o Administraciones, 5 puntos.<br>Estancias de investigación en el extranjero, 5 puntos.<br>Entrevista personal (los tres mejores candidatos), 20 puntos |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato



## REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PI076

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |   |
|--|---|
| <b>Denominación</b>  | CleanAtlantic. Tackling marine litter in the Atlantic Area<br><i>Proyecto cofinanciado al 75% por el Programa <b>Interreg V-B Espacio Atlántico</b> a través del <b>Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)</b> de la <b>Unión Europea</b></i> |
| <b>Centro de Trabajo</b>   | Facultade de Físicas  |
| <b>Investigador principal</b>  | Pérez Muñuzuri, Vicente   |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS   |   |
|----------------------------------|---|
| <b>Número de prazas</b>          | 1   |
| <b>Traballo a realizar</b>       | Desenvolvemento dun paquete en Python que permita analizar o comportamento Lagrangiano e inercial de residuos mariños de distintos tamaños, formas e flotabilidades en función da súa composición, utilizando as distintas saídas de modelos. |
| <b>Retribución bruta mensual</b> | 1200 €  |
| <b>Duración do contrato*</b>     | 5 meses   |
| <b>Data de inicio prevista**</b> | <b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>  |
| <b>Xornada laboral</b>           | Tempo completo  |
| <b>Categoría laboral</b>         | Investigador/a en formación   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>  |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes<br><b>Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC.</b>  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>   |  |
| Título Licenciado – Grao en Físicas, 50 puntos<br>Programación avanzada en Python, 10 puntos.<br>Conocimiento de formatos GRIP, NetCDF y servicios OGC, 10 puntos.<br>Experiencia en modelos de partículas Lagrangianos e inerciales, 30 puntos. |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

## REFERENCIA DA PRAZA: 2014-AD011.00

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |  |
|--|--|
| Denominación   | Desenvolvemento dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación. Convenio coa Consellería de Educación, período 2014-2016 e 2017-2018 |
| Centro de Traballo   | CEBEGA   |
| Investigador principal   | Isabel Rodríguez-Moldes Rey  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Colaborar coa posta en marcha do servizo de modelos experimentais do cancro así como nos servizos de cría e experimentación de roedores no CEBEGA |
| Retribución bruta mensual      | 1492 €  |
| Duración do contrato*          | 9 meses   |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección   |
| Xornada laboral                | Tempo completo  |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes<br><b>Capacitación en experimentación animal para as funcións B e C para roedores (segundo o RD 53/2013)</b>   |  |
| MERITOS A VALORAR  |  |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Formación e experiencia acreditada en experimentación con roedores, particularmente no eido do traballo a realizar. <b>30 puntos</b></li> <li>2. Formación especializada (postgrao, cursos acreditados) no eido da investigación biomédica. <b>15 puntos</b></li> <li>3. Experiencia de traballo en centros usuarios con condicións SPF (libres de patóxenos específicos) <b>15 puntos</b></li> <li>4. Experiencia en manexo, xestión ou reprodución de liñas transxénicas de roedor. <b>10 puntos.</b></li> <li>5. Capacitación para a funcións en experimentación animal adicionais ás requiridas. <b>10 puntos</b></li> <li>6. Entrevista persoal (aos 4 mellores candidatos que superen os 50 puntos nos 5 primeiros apartados), <b>20 puntos</b></li> </ol> |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

## REFERENCIA DA PRAZA: 2014-AD011.01

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |  |
|--|--|
| Denominación   | Desenvolvemento dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación. Convenio coa Consellería de Educación, período 2014-2016 e 2017-2018 |
| Centro de Traballo   | CEBEGA   |
| Investigador principal   | Isabel Rodríguez-Moldes Rey  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |  |
|--------------------------------|--|
| Número de prazas               | 1  |
| Traballo a realizar            | Colaborar coa posta en marcha dos servizos de fenotipado de roedores así como nos servizos de cría e experimentación de roedores no CEBEGA |
| Retribución bruta mensual      | 1492 €   |
| Duración do contrato*          | 9 meses  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección  |
| Xornada laboral                | Tempo completo   |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS  |  |
|--|--|
| TITULACIÓN REQUIRIDA   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes<br><b>Capacitación en experimentación animal para as funcións B e C para roedores (segundo o RD 53/2013)</b>   |  |
| MERITOS A VALORAR  |  |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>Formación e experiencia acreditada en experimentación con roedores, particularmente no eido do traballo a realizar. <b>30 puntos</b></li> <li>Formación especializada (postgrao, cursos acreditados) no eido da investigación biomédica. <b>15 puntos</b></li> <li>Experiencia de traballo en centros usuarios con condicións SPF. <b>15 puntos.</b></li> <li>Experiencia en manexo, xestión e reprodución de liñas transxénicas de roedor. <b>10 puntos.</b></li> <li>Capacitación para as funcións en experimentación animal adicionais ás requiridas. <b>10 puntos.</b></li> <li>Entrevista persoal (aos 4 mellores candidatos que superen os 50 puntos nos 5 primeiros apartados). <b>20 puntos.</b></li> </ol> |  |

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

## REFERENCIA DA PRAZA: 2014-AD011.02

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |  |
|--|--|
| Denominación   | Desenvolvemento dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación. Convenio coa Consellería de Educación, período 2014-2016 e 2017-2018 |
| Centro de Traballo   | CEBEGA   |
| Investigador principal   | Isabel Rodríguez-Moldes Rey  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |  |
|--------------------------------|--|
| Número de prazas               | 1  |
| Traballo a realizar            | Colaborar coa posta en marcha do servizo de experimentación en peixe cebra no CEBEGA |
| Retribución bruta mensual      | 1492 €   |
| Duración do contrato*          | 9 meses  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección                  |
| Xornada laboral                | Tempo completo   |
| Categoría laboral              | Técnico/a superior de apoio á investigación  |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Grao ou titulacións anteriores equivalentes<br><b>Capacitación en experimentación animal para as funcións A, B e C para peces e anfibios (segundo o RD 53/2013)</b>   |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| <ol style="list-style-type: none"> <li>Formación e experiencia acreditada en experimentación con peixe cebra, <b>35 puntos</b></li> <li>Formación especializada (postgrao, cursos acreditados) no eido da investigación biomédica, <b>25 puntos</b></li> <li>Capacitación para a funcións en experimentación animal (segundo o RD53/2013) adicionais ás requiridas, <b>10 puntos</b></li> <li>Outros méritos relacionados coa investigación biomédica, <b>10 puntos</b>.</li> <li>Entrevista persoal (aos 4 mellores candidatos que superen os 50 puntos nos 4 primeiros apartados), <b>20 puntos</b>.</li> </ol> |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

## REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG014

| DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS |  |
|--|--|
| Denominación   | Consolidación e estruturación 2017 GPC GI-2077 Rede de investigación en igualdade, dereitos e Estado social (ARMELA) |
| Centro de Traballo   | Facultade de Ciencias Políticas e Sociais  |
| Investigador principal   | Nogueira López, María da Alba  |

| CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS |   |
|--------------------------------|---|
| Número de prazas               | 1   |
| Traballo a realizar            | Búsqueda e preparación de convocatorias competitivas. Difusión da actividade investigadora. Dinamización do equipo e organización de actividades. |
| Retribución bruta mensual      | 839,40 €  |
| Duración do contrato*          | 10 meses  |
| Data de inicio prevista**      | A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección   |
| Xornada laboral                | Tempo parcial   |
| Categoría laboral              | Investigador/a asociado/a   |

| REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS   |  |
|---|--|
| <b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b>   |  |
| Doutor/a  |  |
| <b>MERITOS A VALORAR</b>  |  |
| Doutor/a en Dereito ou Ciencia Política, <b>20 puntos</b> .<br>Experiencia investigadora ligada á do grupo (Igualdade, Estado de Benestar, descentralización), <b>45 puntos</b> .<br>Experiencia profesional relacionada coas actividades do grupo., <b>15 puntos</b> .<br>Entrevista persoal aos 3 mellores candidatos, <b>20 puntos</b> |  |

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

## ANEXO II

### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 1/2018 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

REFERENCIA DA PRAZA PARA A QUE PRESENTA A SOLICITUDE\*:

#### DATOS PERSOAIS

|       |           |
|-------|-----------|
| Nome: | Apelidos: |
| NIF:  |           |

#### DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

|                                   |           |
|-----------------------------------|-----------|
| Rúa, número, planta, porta:       | C.P.:     |
| Municipio, Provincia:             | Teléfono: |
| e-mail a efectos de notificación: |           |

#### DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO PARA O QUE PRESENTA A SOLICITUDE

|  |                             |                              |
|--|-----------------------------|------------------------------|
| Título da actividade:  |                             |                              |
| Referencia Praza:  | Investigador Principal:     |                              |
| Centro de traballo:  |                             |                              |
| Indicar si está matriculado na tese de doutoramento. <b>No caso de estar matriculado achegar copia da matrícula.</b> | SI <input type="checkbox"/> | NON <input type="checkbox"/> |
| Indicar si vai compatibilizar este posto de traballo con outro (no ámbito público ou privado)                        | SI <input type="checkbox"/> | NON <input type="checkbox"/> |
| <b>Solicita</b> participar no proceso selectivo da praza coa referencia indicada arriba                              |                             |                              |

Santiago/Lugo de de

Sinatura

\*Deberá presentar unha solicitude por praza

**Documentación a presentar: Fotocopia** da certificación académica persoal que deberá reflectir a nota media. **Fotocopia** do título. **Fotocopia** dos méritos alegados.

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA